



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 02/2017

## **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 3 DE FEBREIRO DE 2017**

En Soutomaior, a 3 de febreiro de 2017, sendo as trece horas e previa convocatoria ó efecto, reuníronse no Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agust3n Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ram3n Angel Fern3ndez Garrido, D.ª M.ª Dolores Cernadas Garc3a, D.ª Cristina Gonz3lez Piedras, D. Jes3s Antonio Vidal Lage, D.ª Noelia Ocampo Gonz3lez, D.ª F3tima Vidal G3mez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D. Alejandro Pazos M3guez, D.ª M.ª Rosario Bouz3n Mart3nez, D.ª Mar3a Menduiña Dur3n, D.ª Olalla Obelleiro Hermida e D.ª Ver3nica Montero P3rez e coa asistencia da Secretaria-Interventora Adxunta, D.ª Elena Reboredo Fern3ndez, para celebrar sesi3n extraordinaria do Pleno da Corporaci3n Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesi3n p3blica polo Sr. Alcalde, adopt3ronse os seguintes acordos:

### **1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 01/17**

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, preg3ntase 3s/3s asistentes se teñen algunha matizaci3n ou aclaraci3n que facer 3 acta da sesi3n anterior, n3m. 01/17, de data 26 de xaneiro de 2017.

A devandita acta 3 aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporaci3n coa correcci3n referida.

### **2º.- APROBACI3N PROVISIONAL PLAN XERAL DE ORDENACI3N MUNICIPAL**

#### **ANTECEDENTES**

1º) Arqyur, equipo redactor do Plan Xeral de Ordenaci3n Municipal do Concello de Soutomaior presentou, en data 17 de outubro de 2014 (RE 3668/14), o documento para a s3a aprobaci3n provisional, facilitando a tal efecto soporte dixital composto dos seguintes documentos:

Informaci3n Urban3stica: subdividido en 3 subtomos: Informaci3n Urban3stica, Modelo de asentamento poboacional, e estudo do medio rural.

Tomo I: Memoria e planos de ordenaci3n.

Tomo II: Normativa.

Tomo III: Cat3logo de Bens a Protexer. Vol.1. Memoria e planos

Tomo IV: Catalogo de Bens a Protexer. Vol. 2. Fichas

Tomo V: Cat3logo de Bens a Protexer. Vol. 3. Fichas.

Tomo VI: Estratexia de Actuaci3n. Estudo Econ3mico Financeiro. Informe de Sostenibilidade Econ3mica.

Tomo VII: Informe de Sostenibilidade Ambiental.

Tomo VIII: An3lise Paixas3stica.

Tomo IX: Informe de Alegaci3ns.

Planimetr3a.

C3mpre indicar que dito documento base foi corrixido e



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

complementado posteriormente en diversos aspectos relativos á cuestións de protección do patrimonio cultural, facilitándose ao efecto polo equipo redactor documentación complementaria que tivo entrada no rexistro municipal en data 5 de decembro de 2015 (RE 3959/15), achegándose ao efecto soporte dixital.

Asemade, téñense examinado a correspondente carpeta relativa ao procedemento de tramitación seguido ata a presente data.

2º) En data 26 de outubro de 2007 (RE 3886/07) o equipo redactor entregou no rexistro municipal Documento de Inicio para a formulación de Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM do Concello de Soutomaior, a fin de comunicar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible o inicio da tramitación do Plan Xeral, o que levouse a efecto por oficio de 5 de novembro (RS 1857/13).

3º) En data 4 de decembro de 2007 (RE 4339/07) recibíuse da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible oficio no que comunicaba o inicio do trámite de exposición pública do Documento de Inicio.

4º) Con data 14 de abril de 2008 (RE 1246/08) tivo entrada no rexistro municipal un novo oficio autonómico remitindo Documento de Referencia para elaboración de informe ambiental.

5º) O 14 de xullo de 2010 (RE 2513/10) o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación ambiental solicitou do Concello a enmenda de determinados aspectos do Documento de Inicio para adapta-lo ás modificacións operadas pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

6º) En data 7 de decembro de 2010 (RE 3993/10) o director do equipo encargado dos traballos de redacción do PXOM fixo entrega dun novo Documento de Inicio ou anteproxecto para iniciar o trámite de AAE. Con dita instancia achegábase ademais Estudo do Medio Rural así como Modelo de Asentamento Poboacional.

7º) Por oficio de 10 de decembro de 2010 (RS 1931/10) deuse traslado do Documento de Inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

8º) En data 23 de decembro de 2010 (RE 4188) recibíuse contestación da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental na que requiríase a achega de documentación complementaria.

9º) O 29 de decembro de 2010 (RS 20163/10) remitiuse novo oficio á CMATI adxuntando documentación.

10º) O 11 de xaneiro de 2011 (RE 65/11) a administración autonómica comunicou ao Concello a apertura dun novo trámite de exposición pública en relación ao anteproxecto modificado.

11º) O 4 de marzo de 2011 (RE 701/11) tivo entrada no rexistro municipal copia do Documento de Referencia para o procedemento de AAE do Plan Xeral, coas alegacións e observacións recibidas por outras Administracións e particulares.

12º) En data 22 de xullo de 2011 (RE 2399/11) o responsable do equipo redactor fixo entrega da documentación correspondente a terceira fase da modificación num.3 do contrato de redacción do PXOM, consistente no documento para informe previo á aprobación inicial.

13º) Con data 28 de xullo de 2011 emitiuse informe favorable pola arquitecta municipal en relación ao proxecto do plan xeral en tramitación.

14º) Coa mesma data os servizos de asesoría xurídica do Concello informaron en sentido coincidente co expresado pola técnica municipal, sendo dito parecer ratificado igualmente dende a Secretaría Municipal



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

conforme obra en informe correspondente de idéntica data.

15º) A medio de providencias de Alcaldía de data 28 de xullo de 2011 (RS 1405, 1406, 1407, 1408, 1409/11) solicitouse informe correspondente ao servizo de Demarcación de Costas do Estado na C.A.de Galicia, Ministerio de Fomento - ADIF, Deputación Provincial de Pontevedra, Unidade de estradas do Estado, e Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI,

16º) Con data 5 de agosto de 2011 (RE 2518/11) a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo requiriu do Concello a corrección de diversas deficiencias no documento.

17º) En data 23 de agosto de 2011 (RE 2628/11) tivo entrada no rexistro do Concello informe vinculante remitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do Ministerio de Fomento.

18º) En data 31 de agosto de 2011 (RE 2723/11) recibíuse oficio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra solicitando documentación.

19º) Con data 6 de setembro de 2011 (RE 2747/1) a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia dirixiu oficio ao Concello interesando a achega da documentación.

20º) O 9 de setembro de 2011 (RE 2802/11) o equipo redactor presentou documentación complementaria para o seu traslado á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

21º) Por oficios de Alcaldía de 12 de setembro de 2011 (RS 1594/11) e 4 de outubro de 2011 (RS 1717/11) deuse traslado da documentación solicitada ao Servizo de Demarcación de Estradas e ao Servizo Provincial de Costas.

22º) O 28 de setembro de 2011 (RE 3052/13) recibíuse da Xefatura Territorial da Consellería de Industria certificado de dereitos mineiros que poderían resultar afectados polo PXOM.

23º) O 5 de outubro de 2011 (RE 3123/11) tivo entrada no rexistro municipal informe emitido pola Deputación de Pontevedra en calidade de titular das estradas provinciais que discorren polo termo municipal.

24º) O 3 de novembro de 2011 (RE 3384/11) recibíuse informe da Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo Terrestre.

25º) O 21 de novembro de 2011 (RE 3547/11) recibíuse segundo informe previo á aprobación inicial emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Infraestruturas.

26º) O 21 de novembro de 2011 (RE 3561/11) recibíuse outro informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio en materia de costas.

27º) En data 23 de novembro de 2011 (RE 3573/11) tivo entrada no Concello informe do Director Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe.

28º) O 2 de decembro de 2011 (RE 3679/11) recibíuse informe remitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico en materia de augas.

29º) En data 16 de decembro de 2011 (RE 3789/11) recibíuse informe da Dirección Xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

30º) O 15 de febreiro de 2012 (RE 408/2012) tivo entrada no Concello informe da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

31º) Por oficio de data 6 de marzo de 2011 remitiuse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación do Territorio oficio proxecto de actuación arqueolóxica.

32º) O 6 de marzo de 2012 (RS 306/12) solicitouse do Servizo



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais listado dos lumes acaecidos no termo municipal dende o 31.12.1997.

33º) Con data 9 de marzo de 2012 (RS 324/12) solicitouse á Dirección Xeral de Aviación Civil a emisión de informe previo á aprobación inicial.

34º) Por providencia de Alcaldía de 11 de abril de 2012 (RS 497/12) solicitouse á Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe ortofotos dixitais do nomeado “voo americano” correspondentes ao Concello de Soutomaioir.

35º) En data 17 de abril de 2012 (RE 1075/12) tivo entrada no rexistro municipal oficio remitido dende o Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia achegando copia das ortofotos demandadas.

36º) Con data 20 de abril de 2012 (RE 1139/12) recíbese comunicación dende a Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

37º) En data 25 de abril de 2012 (RE 1191/12) tivo entrada no rexistro do Concello oficio da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizando a realización de prospección e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos a incluír no PXOM.

38º) O 14 de maio de 2012 (RE 1383/12) recibíuse informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento.

39º) Con datas 11 de xuño e 12 de xullo de 2012 (RE 1644 e 2003/12) entregouse por parte da empresa SIGNO Enxeñería do Territorio documentación relativa á Consultaría Paisaxística para o PXOM.

40º) En data 13 de xullo de 2012 (RE 2012/13) o director do equipo redactor do Plan Xeral entregou no rexistro do Concello do Documento para Aprobación Inicial do PXOM, composto de VII tomos, datados en xullo de 2012 e planimetría adxunta.

41º) O 30 de xullo de 2012 (RE 2139/12) o equipo redactor fixo entrega de copias da documentación.

42º) En data 25 de outubro de 2013 a arquitecta municipal emitiu correspondente informe en relación a documentación achegada polo equipo redactor de cara a aprobación inicial.

43º) Con data 31 de outubro de 2013 emitiuse informe por parte dos servizos xurídicos do Concello coa mesma finalidade.

44º) Consta igualmente informe de intervención municipal en relación a Memoria Económica do PXOM do mesmo día.

45º) Na mesma data emitiuse dende a Secretaría Municipal correspondente informe ao abeiro do disposto nos artigos 85.1º da Lei 9/2992, artigo 47.2º da Lei de Bases de Réxime Local, artigo 54 do Texto Refundido de Réxime Local e artigos 172 e 175 do Regulamento de Ordenación e Funcionamento.

46º) En sesión de data 15 de novembro de 2013 o Pleno do Concello de Soutomaioir acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro do artigo 85.2º da Lei 9/2002, sometendo o documento a información pública por termo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación do acordo no correspondente Boletín Oficial. Asemade, e de conformidade co artigo 77 da Lei 9/2002, procedeuse a relacionar os concretos ámbitos nos cales as licenzas quedarían en suspenso por incompatibilidade das NNSS de Planeamento coa nova ordenación proposta.

47º) O 11 de decembro de 2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia num.236 (pax. 47681) o anuncio da aprobación inicial do Plan, apertura do trámite de información pública, e suspensión cautelar do outorgamento de licenzas.

48º) Consta igualmente a correspondente publicación a tal efecto nos xornais Faro de Vigo e Diario de Pontevedra de datas 12 de decembro de 2013.

49º) Por oficios de data 16 de decembro de 2013 déuselle audiencia aos Concellos limítrofes por termo de dous meses ao abeiro do previsto na Lei 9/2002, recibíndose resposta por parte do Concello de Pontevedra (RE 672 e 823/14 de 20 de febreiro e 3 de marzo de 2014) e Concello de Redondela (RE 559/14 de 12 de febreiro de 2014).

50º) Asemade, en data 19 de decembro de 2013 comunicouse de xeito expreso a diversas asociacións e organismos o inicio do trámite de exposición pública co resultado que obra no expediente.

51º) O Pleno do Concello, en sesión de 30 de xaneiro de 2014, adoptou o acordo de ampliar o prazo de exposición pública un mes máis, quedando exposto ata o día 11 de marzo de 2014. Acordo publicado no Diario Oficial de Galicia num.25 de 6 de febreiro de 2014 (pax .5120), e tamén nos xornais Faro de Vigo e Diario de Pontevedra de 6 de febreiro de 2014.

52º) Ao marxe do anterior a documentación do PXOM estivo a dispor do público na Casa do Concello e, segundo maniféstase polo equipo redactor na memoria correspondente, teríanse efectuado dúas presentacións públicas.

53º) De conformidade co previsto no artigo 85.3º da Lei 9/2002 solicitáronse informes sectoriais aos seguintes organismos:

- ADIF (RS 1657/13 e 1586/14), recibindo contestación o 20 e 23 de xaneiro de 2014 (RE 160 e 196/14).
- Augas de Galicia (RS 1658/13 e 1418/14), recibindo resposta por escrito de 27 de outubro de 2014 (RE 3674/14).
- Servizo Provincial de Costas (RS 1659/13).
- Secretaría Xeral de Montes e Medio Rural (RS 1660).
- Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental (RS 1661 e 1757/13), sendo contestado por escrito presentado o 26 de xaneiro de 2014 (RE 425/14)
- Ente Público Portos de Galicia (RS 1662/13 e 1587/14), con resposta recibida o 6 de febreiro de 2014 (RE 525/14)
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (RS 1663/13 e 127/14), recibíndose contestación o 16 de xaneiro de 2014 (RE 127/14).
- Instituto de Estudos do Territorio (RS 1664/13), presentando o organismo escrito o 7 de agosto de 2014 (RE 2971/14).
- Subdelegación de Planificación Enerxética do Ministerio de Enerxía, Industria e Turismo (RS 1665 e 1676/13), sendo recibido informe o 3 de febreiro de 2014 (RE 359/14).
- Delegación Provincial de Economía e Facenda (RS 1666/13).
- Axencia Galega de Infraestruturas, (RS 1667/13 e 1585/14, presentándose informe o 9 de abril de 2014 (RE 1641/14).
- Deputación de Pontevedra, Servizo de Estradas (RS 1668/13), con informe trasladado en data 23 de xuño de 2014 (RE 2510/14).
- Dirección Xeral de Mobilidade da CMATI (RS 1669).
- Dirección Xeral de Industria e Minas (RS 1670/13), recibíndose contestación o 3 de febreiro de 2014 (RE 359 e 722/14).
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (rs 1672/13) con informe trasladado o 24 de xaneiro de 2014 (RE 203/14).
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza (RS 1672/13), con resposta recibida o 24 de xuño e 4 de xullo de 2014 (RE 2524 e

2667/14).

- Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura (RS 1674/13 e 1584/14) con informe trasladado o 31 de marzo de 2014 ( RE 1511/14).
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil (RS 1675/13) recibíndose resposta por escrito de 13 de xaneiro de 2014 (RE 91/14).
- Secretaría Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Tecnoloxía e Turismo (RS 1677/13 e 1588/14), recibindo informe o 3 de febreiro de 2014 (RE 358/14).
- Dirección Xeral de Estradas da Secretaría Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento (RS 1678/13), contestado por escritos de 5 de maio e 4 de xullo de 2014 (RE 1876 e 2659/14).
- Dirección Xeral de Aviación Civil - AENA (RS 1679/13 e RS 309/14), recibindo resposta o 3 de marzo e 13 de agosto de 2014 (RE 825 e 3030/14).

54º) Consta no expediente certificado de Secretaría Municipal de 12 de marzo de 2014 contendo relación de alegacións presentadas polos particulares dende o 12 de decembro de 2013 e 11 de marzo de 2014, durante o período de información pública. Obra igualmente na documentación achegada polo equipo redactor a resposta ofrecida polo mesmo a cada alegación. Durante o período de exposición pública presentáronse un total de 527 escritos de alegacións.

55º) En data 23 de xuño de 2014 (RS 917/14) solicitouse informe á Unidades de Estradas de Pontevedra en relación a aspectos interesados polo equipo redactor.

56º) Con data 26 de setembro de 2014 (RE 3464/14) recibíuse informe da empresa responsable das infraestruturas do servizo eléctrico canto a suficiencia das instalacións actuais no termo municipal para cubri-las demandas de potencia.

57º) Con data 17 de outubro de 2014 (RE 3668/14) os responsables do equipo redactor fan entrega do Documento para a aprobación provisional para remisión ao órgano ambiental e redacción da Memoria Ambiental consistente en un exemplar en formato papel formado por tres carpetas e oito apartados, e sete exemplares en formato dixital con idéntica información.

58º) Con data 27 de outubro de 2014 (RS 1607/14) e de conformidade co previsto no artigo 85.4º da Lei 9/2002, solicitouse da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a emisión de memoria ambiental.

59º) O 6 de novembro de 2014 (RE 3894/14) tivo entrada oficio da Xefatura de Servizo de Avaliación Ambiental interesando a remisión de documentación complementaria a efectos de emitir o informe correspondente.

60º) O 29 de xaneiro de 2015 (RS135/15) remitiuse dende o Concello a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental escrito con documentación anexa.

61º) O 15 de abril de 2015 (RE 1202/15) recibíuse copia compulsada da Resolución da indicada Secretaría Xeral formulando memoria ambiental, cualificando o documento remitido ao citado organismo como "*ambientalmente viable*" sen prexuízo da necesidade de incorporación das determinacións que nel sinálanse.

62º) En data 17 de setembro de 2015 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu informe desfavorable ao documento remitido.

63º) En data 4 de decembro de 2015 tivo entrada no rexistro xeral do Concello (RE 3959/15) documento base corrixido do PXOM ao obxecto de incorpora-las determinacións precisadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

64º) O documento así corrixido nos seus aspectos de protección do patrimonio foi remitido novamente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tendo entrada na correspondente unidade administrativa en data 7 de decembro de 2015.

65º) O 18 de xaneiro de 2016 (RE 116/16) recíbese novo informe da DXPC en sentido favorable á aprobación provisional do documento, coa cautela de que se corrixan aspectos indicados no informe.

66º) En data 25 de xaneiro de 2016 a arquitecta municipal informa favorablemente á aprobación provisoria do PXOM coas observacións efectuadas no citado informe.

67º) Constan no expediente informes do asesor xurídico do Concello, de Secretaría e de intervención, todos eles de data 29 de xaneiro de 2016.

68º) O Pleno do Concello de Soutomaior, en sesión de 5 de febreiro de 2016, adopta o acordo de aprobar provisionalmente o PXOM do Concello, conforme as modificacións derivadas da incorporación ao documento das diferentes observacións propostas polas Administracións que teñen evacuados informes sectoriais, atendendo as observacións expostas nos informes municipais emitidos, e alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que teñen sido informadas favorablemente, con desestimación das restantes alegacións, conforme a motivación expresada polo equipo redactor recollida no Tomo IX do documento sometido a aprobación provisional. Asemade resolve someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, á CMATI da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 85.71 da LOUG , solicitando da mesma o outorgamento da aprobación definitiva do Plan Xeral, previo exame da súa suficiencia documental.

69º) En data 13 de abril de 2016 trasláse a Costas do Estado informe do artigo 112.<sup>a</sup>) e 117.2º da Lei 22/1988, dando conta das modificacións introducidas no documento conforme as consideracións evacuadas polo citado organismo sectorial. Asemáde remítese copia en CD do documento aprobado provisionalmente.

70º) Consta no expediente certificación da secretaria municipal de 14 de abril de 2016 dando conta da non presentación de informe preceptivo sectorial solicitado á Consellería do Medio Rural e do Mar.

71º) Consta, coa mesma data, o traslado á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da petición de informe sectorial realizada ao Servizo de Montes e a certificación da non presentación en prazo de informe.

72º) O 21 de abril de 2016 (RC 882) recíbese informe en materia de protección de costas da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, tendo por efectuadas as correccións en planos advertidas en informe previo, coas observacións indicadas no mesmo.

73º) O 28 de abril de 2016 (2016-E-RC-936) recíbese requirimento da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación a achega de diversa documentación.

74º) En data 9 de maio de 2016 (2016-E-RC) recíbese comunicación da Consellería de Facenda.

75º) O 11 de maio de 2016 remítese documentación á Consellería de Facenda.

76º) Con data 12 de maio de 2016 (2016-E-RC-1042) recíbese oficio da Consellería do Mar en relación a regularización da adscrición do porto de Arcade de Soutomaior.

77º) O 2 de xuño de 2016 solicítase á entidade Portos de Galicia a emisión de informe favorable logo da aceptación das modificacións propostas polo citado Ente ao documento trasladado, trasladando a planimetría corrixida.

78º) Con data 7 de xullo de 2016 (2016-RC-1536) recíbese informe favorable a aprobación do PXOM por parte do Director de Portos de Galicia.

79º) Obra no expediente certificación expedida pola Secretaría Municipal en data 29 de xullo de 2016 dando conta da non presentación de informe por parte do Servizo Provincial de Costas.

80º) Consta certificación de idéntica data expedida pola Secretaría Municipal en relación a non presentación de informe pola Consellería de Facenda.

81º) Igualmente consta certificación de idéntica data en relación a falla de presentación de informe preceptivo por parte da Secretaría Xeral de Montes e Medio Rural –Consellería de Medio Rural.

82º) O 2 de agosto de 2016 remítese a CMAOT documentación complementaria.

83º) Na mesma data (RC 1708) recíbese informe da Consellería de Facenda.

84º) O 12 de setembro de 2016 (RC 1929) recíbese informe favorable por parte da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

85º) O 13 de setembro de 2016 trasládase á CMAOT documentación complementaria.

86º) En data 21 de setembro de 2016 (RC 2013()) recíbese acordo adoptado pola Comisión Superior de Urbanismo.

87º) Coa mesma data elévase copia do citado documento á CMAOT

88º) **En data 19 de outubro de 2016 (RC 2225) recíbese Orde do 17 de outubro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que acórdase non outorgar a aprobación definitiva do PXOM, requirindo do Concello a redacción dos documentos modificados precisos para enmendar as deficiencias sinaladas na devandita Orde e posterior traslado á citada Consellería para a aprobación definitiva.**

89º) **Logo do seu traslado ao equipo redactor do Plan, recíbese o 23 de decembro de 2016 polo Director do citado equipo redactor, a documentación reelaborada para aprobación definitiva, seguindo as indicacións da CMAOT.**

90º) Constan no expediente informes do arquitecto municipal sustituto e do asesor xurídico do Concello, ambos de data 16/01/2017, de Intervención, de data 19/01/2017 e de Secretaría, de data 20/01/2017.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- APROBAR PROVISIONALMENTE o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Soutomaior en tramitación, unha vez subsanadas as deficiencias ou aclaracións solicitadas pola CMAOT, conforme as modificacións derivadas da incorporación ao documento das diferentes





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

observacións propostas polas Administracións que teñen evacuados informes sectoriais atendendo as observacións expostas nos informes municipais emitidos, e alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que teñen sido informadas favorablemente, con desestimación das restantes alegacións, conforme a motivación expresada polo equipo redactor recollida no Tomo IX do documento sometido a aprobación provisional.

Segundo.- SOMETER o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia aos efectos dispostos no artigo 85.7º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en concordancia coa Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, solicitando da mesma o outorgamento da aprobación definitiva do Plan Xeral, previo exame da súa suficiencia documental.

## **DEBATE**

O Sr. Alcalde di que traen de novo para a súa aprobación provisional o primeiro PXOM na historia deste Concello. Como xa dixo no pleno de febreiro do ano pasado, este está sendo un proceso demasiado laborioso e longo. Voltan a traer a este Pleno a nova aprobación como consecuencia das imposicións que nos plantexa a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Ese requirimento da Xunta, abrangue cuestións de carácter xeral, cuestións de carácter normativo, cuestións de índole documental, cuestións de xustificacións e algunhas cuestións de carácter de clasificacións de solo, as que menos. Do documento que aproban hai case un ano ao da agora, os cambios no tipo de solo, que é o máis importante, non son significativos. O que máis chama a atención son a eliminación de tres solos urbanizables, dous en Soutomaior e un en Arcade, terreos que xa nas normas subsidiarias actuais, estaban como rústicos e os que non era así, recuperan a clasificación urbanística inicial. Hai pequenas modificacións en algunha parcela de algún núcleo, pero poucas. Non que máis puxeron o acento foi en temas de carácter xustificativo e de normativa, cuestións que quedan solventadas neste novo documento. Polo tanto están ante un novo documento, que non contén cambios substanciais con respecto o documento anterior e por este motivo non ten que ser exposto, así o poñen de manifesto os informes técnicos e xurídicos que acompañan este documento, e non afecta á calidade técnica do documento previo. Contan cos informes favorables do servizo xurídico, do servizo técnico, de Intervención e da Secretaría do Concello. Din que poden volver a repetir todo o que dixeron naquel pleno de febreiro de 2016, porque todo está vixente. Os máis de 800 veciños que consultaron o documento, as máis de 500 alegacións das que máis da metade foron aceptadas total ou parcialmente, as máis de 5.000 entradas na web. O que traen aquí hoxe son correccións impostas pola Xunta e de obrigado cumprimento, despois dun longo debate con eles. É unha cuestión absolutamente técnica, que ou se revisa o documento coas instrucións que nos dan, ou non se pode aprobar. E polo tanto e chegados a este punto e ante os cambios esixidos que son asumibles, decidimos chegar o final do camiño, que é a aprobación, sempre e cando a Xunta de por boas as correccións. Este PXOM supón un documento axustado a Norma e por tanto esperan que a súa seguridade xurídica beneficie tanto a



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

administración como a veciñanza. En definitiva, como xa dixo no pleno anterior, este documento adáptase os requisitos fundamentais esixidos pola normativa aplicable para a súa aprobación provisional, segundo o equipo redactor, e os técnicos municipais, e a última palabra síguea tendo a Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia. Iso é o resumo do que hoxe lles trae aquí.

O Sr. Lourenzo Sobral pregunta, que fan aquí, todo é responsabilidade da Xunta, a culpa de que non se puidese presentar a semana pasada é do equipo redactor, a culpa é dos funcionarios.... pregunta, vos para que estades?. Da a benvida aos veciños que están aquí, sobre todo sabendo o que implica estar a las 13:00 horas dun venres para tratar de aprobar un documento que afecta aos veciños e veciñas. A participación é negada neste Concello e sabe que estes cambios supoñen perdas importantes para os veciños presentes, todos poden comprobar, que o tempo foi exclusivo do PP, é o Plan Xeral é para e do PP. Pregunta como chamarlle, "chapuza", falta de transparencia, desfeita... a primeira vez a documentación se lles deu unha semana antes da primeira Comisión Informativa, o informe entrou neste Concello o 18 de outubro de 2016 e non se comunicou nada ata unha semana antes da Comisión, sempre se enteran pola prensa, se lles puxo como escusa o Nadal, pero en Nadal se convocaron dúas Xuntas de Goberno Local en un día, pero para convocalos a eles non houbo tempo, hai falta de transparencia, a única vida que se concilia é a de eles fronte a dos veciños. Na Comisión Informativa se dixo que probablemente o Pleno sería a próxima semana, non só se lles puxo o venres ás 13:00 horas, se non que foi no límite marcado por Lei, un prazo moi apurado, recibiron a notificación pola sede electrónica xusto 48 horas antes. Os veciños deben saber que no último mes se fan convocatorias sistemáticas dentro do horario laboral, ás 13:00 horas, que se fan por parte do grupo de goberno a pesar de que saben que lles da problemas, di que atacan no persoal á oposición, sempre piden sentarse a negociar horario e nunca se lles atende nin á primeira das súas peticións. Se lle remitiu un correo electrónico á Secretaria polos problemas có horario nas empresas onde traballan, a resposta foi convocar a Comisión Informativa e o Pleno ás 13:00 horas. Isto trae consecuencias serias para eles e para a veciñanza, volve a pedir que se xunten para falar disto, xa que perxudica aos veciños. Afortunadamente son diferentes, polo tanto aquí están, algúns xogándose o posto de traballo, os veciños dando unha lección que non deu o grupo de goberno. Vai falar de tres partes: que é o que se vai aprobar hoxe, como se chega ata aquí e a perspectiva xeral do PXOM. Están para aprobar, dende a súa perspectiva, un documento que nin planifica nada, nin ordena, nin o grupo de goberno se molestou a ler, foi a oposición a que detectou erros, por iso se tivo que retirar da Orde do Día. É un PXOM que non obedece ao interese xeral, ten máis que ver co interese particular, non ordena, fai consolidar o caos e outras "falcatruadas", é municipal pero só participou o PP. É certo que é unha nova aprobación, hai cambios normativos, pero non enganen, a Xunta so aproba aquilo que se remite dende este Concello, polo tanto o envía o grupo de goberno, ahí está a responsabilidade política, que non voten a culpa á Xunta. É a segunda aprobación provisional, estiveron consultando con técnicos e que din que é demoledor. A situación na que estan agora é aprobación provisional, será a última vez que o PXOM pase por o Pleno e os veciños estean aquí. As Normas Subsidiarias son do ano 1980, no 1990 tiraron abaixo o PXOM e curiosamente ata que remata a burbulla inmobiliaria e cando se necesita un



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

PXOM. A documentación se lle deu tres días antes no ano 2016 e agora se lle dixo que a xente ía participar coas alegacións, pregunta se alguén tivo resposta. Pregunta cantas veces solicitaron que se respondera a estas alegacións, saben por qué non se contestaron, por qué nunca se quixo que os veciños participasen, se tratou de aprobar pola porta de atrás, se lles mentiu os veciños, se remitiu á Xunta sen responder as alegacións, ninguén entende iso como participación. Di o grupo de goberno que case a metade das alegacións foron aprobadas total ou parcialmente, eles din que o 70% foron denegadas total ou parcialmente, pide seriedade e rigor, o 50% foron denegadas, o 20 % aprobadas parcialmente e o 30% si que foron aprobadas. Está no propio Plan Urbanístico, non clarifica nada, iso é para que a xente saiba medias verdades ou medias mentiras. Tiveron que ver como a labor de información que se debe presupoñer a calquera grupo de goberno, non a cubriron, tiveron que ver como a Consellería de Educación lles denegou facer unha charla sobre o PXOM no CPI Padín Truiteiro, agardan a solidariedade por parte do grupo municipal. Sempre se lle vota a culpa aos demais, non hai sentido democrático, tiñan que chamar ao Xefe Territorial. Son contrarios ao PXOM, por ser escuro, sen participación e sórdido, polo tanto o voto será contrario. Se impón un modelo de vila dormitorio, ven reflectido na Memoria Informativa do documento (páx. 8). Non poden participar, queren un Concello industrial, mariñeiro... entenden que só se reflicte o modelo vila dormitorio. Hai unha alegación do Concello de Pontevedra que non creen que estexa resolta en canto a depuradora. O PXOM nace morto, lle entra a presa o grupo de goberno coas actualizacións da lei do chan, polo tanto para eles non responde ás necesidades da veciñanza, se constrúe sobre o existente, non é para ter un Concello de posibilidades, non se abren trazados e non se desenvolven os núcleos con criterios claros, debería haber unha praza que funcione como núcleo vertebrador en Soutomaior. En Arcade nin sequera se contempla, en Arcade se perpetua o caos, as edificacións existentes, o que se benefician os que cumpriron e perxudicando os outros que non, non hai criterio claro. Di que se fixeron modificacións, que menos mal que se fixeron, o propio equipo redactor do PXOM resalta no seu informe que é o BNG que fai un traballo que para eles o tiña que facer o grupo de goberno. Hai cambios sustanciais, están consultando e os informes son discutibles, hai marxe de interpretación. Os espazos libres privados que afectaban a parte núcleo urbano desaparecen, se iso non é cambio sustancial, ou non o é. Os fondos de edificación, núcleos como a Pedreira que pasa de urbana a rural. A cuestión é que os cambios sustanciais lle afectan aos nosos veciños, non hai Lei que prohiba facer unha nova exposición pública. Na páxina web, a maioría das visitas na web foron eles, alomenos o 25%. O seu voto vai ser en contra, non é o PXOM dos veciños de Soutomaior se non do PP. O grupo de goberno representa a menos veciños que a oposición, a legalidade non se cuestiona, gobernan con maioría absoluta pola lei electoral, deberían sentarse a falar e poñen trabas. Non hai Concello que teña futuro cando unha parte que goberna en contra da outra, queren reunirse e están a disposición de facer acordos, o que non van a aceptar e que traten introducir pola porta de atrás medidas que afectan aos veciños, isto é un síntoma de decadencia, decadencia que esta a facer o PP.

A Sra. Montero Pérez di que non houbo case cambios respecto a aprobación anterior, xa pola oposición, segue habendo os mesmos problemas, seguimos estando condenados a vila dormitorio, refrenda o que



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

falou o Sr. Lourenzo Sobral, tanto na hora como no técnico, e vai votar en contra.

O Sr. Alcalde di que un PXOM é o que toda oposición quere ter, todos os partidos pasan por isto para aprobar un PXOM, as “gamberradas” está ben denunciadas no Pleno, pero si son importantes hai que levalas a outro lado, onde alguén tome unha decisión importante. O BNG presentou 16 alegacións, pero todas foron baseadas en normativa, cando hai que presentar un plano a cousa se complica, e fácil falar de normativa, pero cando as parcelas teñen propietarios se complica. Un PXOM ten que ter unha sustentabilidade económica, ten que haber unha viabilidade, non se pode pintar se non se pode facer, ten que ter un informe de Intervención. É normal que estando entre Vigo e Pontevedra se fale de vila dormitorio, está encantado que a xente veña aquí a vivir a Soutomaior. Non entra no tema da transparencia, o Plan está permanentemente exposto, todo o que viu puido ver a súa parcela, insiste, está permanentemente exposto, non se esconde nada, non hai intereses persoais, persoalmente pensa que se houbera intereses persoais él as denunciaría noutro lado, é fácil dicir que é gratis, que é para os do PP. Isto é serio, queren quedar ben coa xente, pero a legalidade hai que vela. Pregunta se creen que lles gusta enfrontarse coa xente, non é mellor ter á xente contenta. De feito as alegacións se van a contestar todas, algunhas cando se remitiron á Xunta de Galicia as aceptou e á inversa, non van a contestar si non é o correcto, di que pregunten en Carballo, onde goberna o BNG, ou o de Ponteareas como fixeron, que se informen como o tramitaron. Fixeron exactamente o mesmo, eles respetan a legalidade, e a legalidade é esta, con informes, intentan favorecer aos veciños o máximo que se poida, pero non sempre se pode, politicamente interesa máis favorecer a todos. Queren sacar adiante o PXOM, non queren estar con NNSS, non se sostén, non se pode alargar no tempo, isto hai que pórllle punto final có que a Xunta aprobe definitivamente, que é a que corrixe. Na Xunta din que este PXOM é moi “light” comparado con outros. Non xoga a ser xurídico, o xurídico do Concello di claramente no seu informe, que hai Sentencias que din que non ter que ser exposto, que os cambios son mínimos, polo tanto non sustanciais, como a Sentencia do Tribunal Supremo de 4 de maio de 1999 que sinala *“dicho trámite solo es necesario cuando en el trámite de aprobación definitiva del Plan se introducen modificaciones en él, con respecto a lo que fue objeto de aprobación provisional, que supongan una modificación esencial en la concepción, desarrollo y finalidades del Plan provisionalmente aprobado; en dicha Sentencia no se consideraron como modificaciones esenciales las relativas a exclusión como suelo urbano de terrenos comprendidos en planes parciales, nueva delimitación del suelo urbanizable programado...”*. Iso comparado có que se fai aquí, tamén a Sentenza do Tribunal Supremo de 11 de novembro de 2004 (RC 2504/2002) onde atende para determinar a necesidade de acudir ao novo trámite de información pública á existencia ou non dunha alteración sustantiva tanto dende unha perspectiva cualitativa coma cuantitativa de forma que haberá de acudirse á información pública cando no documento a aprobar provisionalmente se produzan *“unas transformaciones que, por su entidad, relevancia y características, han desnaturalizado el modelo inicialmente previsto”*. Tamén establece a necesidade de sometemento a dito trámite naqueles supostos de variación xeralizada de edificabilidade en todos os ámbitos de clasificación do solo que desnaturalicen o modelo de crecemento previsto inicialmente, facendo unha reconsideración xeral dos criterios de ordenación. Cousa que non se da aquí



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

nin por asomo, está claro o que di o informe, e acaba dicindo que “*non se establecen variacións na concepción do modelo territorial adoptado na fase inicial, non podendo falarse dunha modificación substancial da concepción, desenvolvemento, e finalidades do PXOM a resultas das novas correccións introducidas. Xa que logo, non se entende precisa a apertura de novo trámite de información pública previa ao sometemento a nova aprobación provisional do documento*”. Di que él non é xurista pero o que fai o informe algo disto debe saber, fíase dos técnicos e van votar a favor.

O Sr. Lourenzo Sobral di que despois de ler as Sentencias o que falla é a comprensión lectora, a primeira Sentenza que se leu di que solo é necesario, só haberá que, a necesidade de... é obrigatorio facer exposicións públicas.

O Sr. Alcalde pregunta por qué conclúe iso o xurídico, di que polas Sentencias.

O Sr. Lourenzo Sobral di que volva a ler, que di só será necesario.

O Sr. Alcalde di que non as vai a volver a ler.

O Sr. Lourenzo di que o que se está falando que non hai motivo para facer exposición pública, e acaba de lelo o Sr. Alcalde nas Sentenzas. Non hai un motivo para chegar acordos cos grupos da oposición, responder alegacións, reunións....non tiñan interese, non teñen dúbidas que pasan todo o trámite legal, pero lle parece unha vergonza, non cuestiona a legalidade, se detectan ilegalidade que non teñan dúbida que farán o que corresponde. Poden facer legalmente isto, pero non é moral, a culpa agora tamén vai ser do Xulgado, da asesoría xurídica, sempre a culpa dos demais. É evidente que non va a estar todo o mundo de acordo. Cantas veces se lles chamou para participar nunha xuntanza?

O Sr. Alcalde di que en tres meses de alegacións non fixeron propostas, soamente alegacións.

O Sr. Lourenzo Sobral di que só se lles dixo por alegacións, se lles dixera aos veciños que a única posibilidade que teñen é por alegacións, a cuestión é que despois non se lles conteste. Nin unha soa vez se chamou aos grupos da oposición, e puideron facelo.

O Sr. Alcalde di que cumpriron coa Lei.

O Sr. Lourenzo Sobral di que os Plenos convocados ás 13:00 horas é legal, pero lle ocasiona problemas a compañeiros.

O Sr. Alcalde di que conta cos seus pero non cos meus.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai que tomar un acordo nunha xuntanza, a eles lles interesa Soutomaior.

O Sr. Alcalde di que é cuestión de convivir.

O Sr. Lourenzo Sobral a cuestión é que unha vila dormitorio sacrifica a sectores como o pequeno comercio, non poden aprobar un PXOM nestes termos, en Valmonte hai un cambio de alineación que afecta a veciños, que concretamente están aquí hoxe, entre o interese da Xunta e a dos veciños vades aprobar o interese da Xunta, esas cuestións hai que exercer en defensa dos veciños, non do PP. Creen que o Plan non foi digno da veciñanza, estarán cando os chamen, piden que se fomente a participación, que se faga máis democrático, pero de esta forma non se conta con eles.

O Sr. Alcalde di que non está de acordo coa opacidade, é un Concello democrático, que respecta os puntos de vista, pero este Plan cumpre coa legalidade e o sentido común tamén, e tratan de facer as cousas o mellor posible.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

## VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e seis en contra (dos cinco membros presentes do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- APROBAR PROVISIONALMENTE o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Soutomaior en tramitación, unha vez subsanadas as deficiencias ou aclaracións solicitadas pola CMAOT, conforme as modificacións derivadas da incorporación ao documento das diferentes observacións propostas polas Administracións que teñen evacuados informes sectoriais atendendo as observacións expostas nos informes municipais emitidos, e alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que teñen sido informadas favorablemente, con desestimación das restantes alegacións, conforme a motivación expresada polo equipo redactor recollida no Tomo IX do documento sometido a aprobación provisional.

Segundo.- SOMETER o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia aos efectos dispostos no artigo 85.7º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en concordancia coa Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, solicitando da mesma o outorgamento da aprobación definitiva do Plan Xeral, previo exame da súa suficiencia documental.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA-INTERVENTORA ADXUNTA,  
**Documento asinado dixitalmente á marxe.**